



ADDENDA II DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES de Quiroga
CURSO: 2º BAC
MATERIA: Tecnoloxía Industrial
DEPARTAMENTO: Tecnoloxía
DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

	<i>Páxina</i>
1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDÍBEIS	1
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN	2
3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN	4
4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE	4

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDÍBEIS

Os seguintes criterios e estándares están sendo traballados no terceiro trimestre de xeito telemático e polo tanto só se terán en conta para subir nota na terceira avaliación. Por suposto, estes criterios e estándares non serán esixíbeis na avaliación extraordinaria de setembro.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTANDARES DE APRENDIZAXE
Bloque 4. Circuitos e sistemas lóxicos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Diseñar mediante portas lóxicas sinxelos automatismos de control, aplicando Procedementos de simplificación de circuitos lóxicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B4.1.1. Realiza táboas de verdade de sistemas combinacionais, identificando as condicións de entrada e a súa relación coas saídas solicitadas.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B4.1.2. Diseña circuitos lóxicos combinacionais con portas lóxicas a partir de especificacións concretas, aplicando técnicas de simplificación de funcións, e propón o posible esquema do circuito.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B4.1.3. Diseña circuitos lóxicos combinacionais con bloques integrados, partindo de especificacións concretas, e propón o posible esquema do circuito.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪
Bloque 5. Control e programación de sistemas automáticos	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.1. Analizar o funcionamento de sistemas lóxicos secuenciais dixitais, e describir as características e as aplicacións dos bloques constitutivos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B5.1.1. Explica o funcionamento dos biestables, indicando os tipos e as súas táboas de verdade asociadas.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B5.1.2. Debuxa o cronograma dun contador e explica os cambios que se producen nos sinais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B5.2. Analizar e realizar cronogramas de circuitos secuenciais, identificando a relación dos elementos entre si e visualizándoos graficamente mediante o equipamento máis axeitado ou programas de simulación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B5.2.1. Obtén sinais de circuitos secuenciais típicos empregando software de simulación.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ TI2B5.2.2. Debuxa cronogramas de circuitos secuenciais partindo dos esquemas destes e das características dos elementos que o compoñen.

2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN	
PROCEDEMENTOS	INSTRUMENTOS
Traballo de investigación sobre unha temática proposta polo profesorado ou prácticas de simulación	Memoria do traballo: deberá cumprir unha estrutura fixada polo departamento, recoller información das palabras chave marcadas, valorando a puntualidade na entrega (en varios prazos). A estrutura, os contidos a tratar, os prazos de entrega e os criterios de corrección serán publicados na aula virtual da materia. O traballo terá unha puntuación entre 0 e 10 puntos. O alumnado subirá a devandita memoria a través da aula virtual da materia.
Exercicios sobre os estándares de aprendizaxe	Boletín de exercicios teóricos e prácticos: é unha colección de exercicios que serán colgados na aula virtual (cada exercicio terá un valor numérico de tal xeito que o boletín sexa valorado entre 0 e 10) e que serán entregados polo alumnado antes dunha data determinada (os boletíns entregados despois serán avaliados con 0). O alumnado subirá á aula virtual a resolución dos exercicios en formato pdf, word, writer ou feito a man e dixitalizado con escáner ou cámara de fotos (sempre que sexa lexíbel).
Proba específica	Proba escrita telemática: O alumnado será convocado a través da aula virtual cunha antelación superior aos 7 días para unha proba escrita telemática. A mesma terá unha duración limitada (especificada no encabezamento do exame) e indícarase a valoración de cada unha das preguntas de tal xeito que a proba terá unha puntuación total de 10. A proba será colgada na aula virtual do centro podendo conter exercicios tipo test (cubriranse na propia aula virtual) ou preguntas teóricas ou prácticas (neste caso o/a alumno/a pode resolver en papel, dixitalizando a solución con escáner ou cámara de fotos, sempre que sexa lexíbel, e entregándoa ao/á profesor/a polo medio telemático que máis útil lle sexa: aula virtual ou correo electrónico). A proba escrita poderá ser seguida polo profesorado a través da plataforma Cisco Webex Meetings da Consellaría de Educación.

CUALIFICACIÓN	
Cualificación final	<p>3ª AVALIACIÓN : O traballo realizado en cada unha das 10 semanas do terceiro trimestre suporá un 10% da nota final da terceira avaliación.</p> <p>AVALIACIÓN ORDINARIA A nota final calcúlase do seguinte xeito: (media aritmética da 1ª e 2ª avaliación) + 0,2 * (Nota 3ª Avaliación)</p> <p>ALUMNADO COA 1ª E/OU 2ª AVALIACIÓN SUSPENSAS OU NON RECUPERADAS: As persoas que teñan suspenso a primeira e/ou segunda avaliación terán unha ou máis probas escritas telemáticas de recuperación e ademais entregaran previamente un Pack de actividades de reforzo. A nota da recuperación calcularase do seguinte xeito: (Nota media das probas*0,6 + Nota media dos Packs actividades*0,4)</p> <p>No caso de non poder realizar as probas telemáticas , avaliaranse unicamente as actividades de reforzo supoñendo estas o 100% da nota.</p> <p>No caso de obter unha nota igual ou superior a 5, substituirase a media aritmética das mesmas pola nota que tiñan adquirida na primeira avaliación e/ou na segunda avaliación. E para o cálculo da cualificación final aplicaráselle o mesmo procedemento que ao resto de alumnado. No caso de non chegar ao 5 nas de recuperación da 1ª e/ou 2ª avaliación, a nota final non será superior a 4.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<ul style="list-style-type: none"> ● O alumnado coa materia suspensa na convocatoria ordinaria (xuño) terá dereito a unha proba extraordinaria e presencial (sempre e cando o permitan as autoridades sanitarias e educativas, se non sería substituído por unha proba telemática) en setembro. Esta proba versaría sobre os estándares de aprendizaxe da 1ª e 2ª avaliación contemplados na programación didáctica de este departamento.
Alumnado de materia pendente (non hai alumnado con materia pendente)	<ul style="list-style-type: none"> ● Non hai alumnado con materia pendente

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN)

ACTIVIDADES

As actividades a realizar (fundamentalmente prácticas) serán colgadas a través da Aula virtual do centro. A maiores das actividades que serán avaliadas como se especificou anteriormente (traballo de investigación ou prácticas, boletín de exercicios e proba escrita) a profesora proporcionará material de reforzo (explicacións, enlaces a vídeos, resumos, exercicios de ampliación coa correspondente resolución...) para afianzar os contidos traballados e resolver dúbidas.

METODOLOXÍA

Partindo de que todo o alumnado dispón de ordenador con conexión a internet (o centro entregou equipos co conexión ao alumnado que carecía deles) a metodoloxía é a de traballar a distancia seguindo o ritmo marcado diariamente (os días de clase) polo/a profesor/a. O traballo será realizado a través da Aula Virtual do centro e o alumnado poderá preguntar dúbidas a través da aula virtual e do correo electrónico.

Excepcionalmente empregárase a ferramenta Cisco Webex Meetings para dar instrucións e resolver dúbidas do alumnado (xa que non se adapta perfectamente ao traballo na materia, precisa dunha boa conexión a internet que non todo o alumnado posúe e ten un consumo de datos moi elevado).

MATERIAIS E RECURSOS

Para poder desenvolver as actividades anteriores son necesarios:

- Ordenador (con navegador de internet, lector de pdf e procesador de textos instalado) con conexión a internet.
- Libro de texto.
- Calculadora, papel e bolígrafo.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	O/a profesor/a encargado/a da materia informará ao alumnado dos cambios producidos na programación didáctica do departamento do seguinte xeito: <ul style="list-style-type: none"> • A través da páxina web do centro • A través do Abalar Móbil, informárase de que a addenda da programación didáctica atópase a súa disposición.
Publicidade	<ul style="list-style-type: none"> • A través da páxina web do centro.

Quiroga, 12 de maio de 2020

Asdo.: Belén Armesto Fernández

Xefa do departamento de Tecnoloxía

IES de Quiroga